

3. A dotación inicial da fundación é de trinta mil euros, desembolsado inicialmente o importe de oito mil euros, consta en escritura pública o compromiso de entrega do importe restante no prazo máximo de cinco anos.

4. Segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, son fins da fundación os seguintes:

O deseño e implantación de ferramentas de formación, traballo e comunicación na rede, que fomente unha maior integración social das persoas con discapacidade.

O desenvolvemento e implantación de plataformas e modelos formativos que cubran as necesidades académicas e experimentais no marco do ensino *b-learning* e *e-learning*.

O desenvolvemento de programas de I+D+i para a implantación de modelos formativos e de conectibilidade.

A creación de accións ou espazos de comunicación que teñan como obxectivo recoñecer, formar ou informar a sociedade sobre situacións, calidades ou actividades que teñan como elemento central as persoas con discapacidade na busca de potenciar capacidades diferentes.

5. O padroado da fundación estará integrado por Antonio Rodríguez Sotillo como presidente, Salustiano Carro Páramo como vicepresidente, Celestino Hermida González en representación da entidade *Área 5.1. Factoría Audiovisual, S.L.*, como secretario, e por José Ramón Rodríguez Muñoz e Javier Valiño Vázquez, como vogais.

6. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elévalle ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación de interese social da *Fundación Iblo*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpridos os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como mixta e a súa adscrición á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspon-

dente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. A documentación achegada reúne os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, entre outros os establecidos nos artigos 11 e 12 referidos ao contido da escritura de constitución e dos estatutos.

4. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día oito de setembro de dous mil oito.

Vista a Constitución española de 1978; o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como mixta a *Fundación Iblo*, adscribíndoa á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 15 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se constitúen os servizos comúns de atención á cidadanía e asistencia á vítima dependentes dos decanatos dos xulgados das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo.

O artigo 438 da Lei orgánica do poder xudicial (LOPX), na redacción aprobada pola Lei orgánica 19/2003, reconece a competencia do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, para o deseño, creación e organización dos servizos comúns procesuais. Este precepto define os servizos comúns como unidades das oficinas xudiciais que, sen estar integrados nun órgano xudicial concreto, asumen labores centralizados de xestión e apoio ás oficinas dos órganos xudiciais.

A Lei 35/1995, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, previu o establecemento nas sedes xudiciais de oficinas de asistencia ás vítimas de delitos e faltas.

A disposición adicional terceira do Regulamento 1/1998, de tramitación de queixas e denuncias

relativas ao funcionamento dos xulgados e tribunais, aprobado polo Acordo do 2 de decembro de 1998, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, prevé a posibilidade de establecer servizos comúns para a atención ao cidadán, que asumirán as actividades de recepción de queixas e denuncias e de información e atención ao cidadán.

En virtude do establecido no artigo 20.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2397/1996, sobre transferencia a esta comunidade de medios para o servizo da Administración de xustiza, o artigo 438 da LOPX e do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, esta dirección xeral

ACORDA:

1. Constituír os servizos comúns de Atención á Cidadanía e Asistencia á Vítima, dependentes dos decanatos dos xulgados de Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo, nos termos que constan no acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 23 de abril de 2008, polo que se aproba a creación dos servizos.

2. Cada servizo común de Atención á Cidadanía e Asistencia á Vítima será atendido por persoal ao servizo da Administración de xustiza, segundo os cadros de persoal que se establecerán para o dito servizo, e iniciarán a súa actividade o próximo día 31 de outubro de 2008.

3. O servizo, que actuará en coordinación coa Unidade de Atención á Cidadanía do Consello Xeral do Poder Xudicial e con dependencia funcional do xuíz decano e do secretario do decanato, asumirá a atención personalizada ao cidadán, a información xeral, tanto persoal como telefónica, o tratamento de suxestións e queixas, así como a asistencia ás vítimas dos delitos e das faltas.

4. A atención personalizada ao cidadán supón a recepción e acollida dos cidadáns que acudan á sede xudicial para facilitarlles a orientación e a axuda que precisen, tanto se o fan por instancia do órgano ou servizo xudicial coma se é por iniciativa propia. Esta atención debe ser personalizada, isto é, adaptada ás características sociais, culturais e psicolóxicas de cada un dos cidadáns que acudan aos xulgados solicitando atención ou información.

A atención personalizada implica a actividade de información xeral e exige a colaboración do servizo para cubrir os formularios ou as solicitudes que os interesados poidan realizar directamente sen necesidade de representación.

En particular, o servizo asesorará os cidadáns e asistiraos respecto dos trámites e documentos precisos para reclamar as indemnizacións económicas que lles corresponda percibir pola intervención en procesos xudiciais como testemuñas ou peritos.

5. A información xeral comprende a identificación, localización e competencia de calquera órgano ou

servizo da Administración de xustiza, e especialmente os situados na mesma sede, así como responder ás demandas concretas de información sobre competencia dos órganos, procedementos, trámites, requisitos e documentación para as actuacións que o cidadán se propoña realizar.

En ningún caso a atención e información facilitada debe entrañar unha interpretación normativa, consideración ou asesoramento xurídicos nin valoración económica ningunha, senón unha simple información de carácter xeral sobre posibles procedementos legais e órganos competentes, requisitos que a normativa vixente lles impoña ás actuacións que o interesado poida precisar, así como sobre as características xerais dos distintos tipos de procedemento.

O servizo informará os cidadáns sobre a existencia dos servizos de orientación xurídica dependentes dos colexios de avogados e dirixiraos cara a eles respecto das consultas referidas ao seu ámbito de actuación.

6. O tratamento de suxestións e queixas comprende a recepción das iniciativas formuladas polos cidadáns para mellorar a atención aos usuarios ou a calidade do servizo prestado, así como das queixas por dilacións, atención incorrecta ou calquera outra cuestión relativa ao funcionamento dos órganos ou oficinas xudiciais.

En ningún caso o servizo coñecerá das denuncias que expresamente se refiran a cuestións disciplinares.

No momento de presentación da queixa ou denuncia, o servizo advertirá o cidadán de que estas non terán en ningún caso a cualificación de recurso administrativo, de que a súa interposición non paralizará os prazos establecidos na normativa vixente e de que tampouco condicionarán o exercicio das accións, recursos ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poida exercer o interesado.

Nesta materia, o servizo rexerese polo previsto no Regulamento 1/1998, do Consello Xeral do Poder Xudicial, de tramitación de queixas e denuncias relativas ao funcionamento dos xulgados e tribunais, sen prexuízo das facultades que este lle atribúe ao xuíz decano.

7. A asistencia ás vítimas dos delitos e faltas comprende a información das posibilidades de obter a través do proceso penal a restitución, a reparación do dano e a indemnización dos prexuízos materiais e morais, así como dos seus dereitos en relación co proceso penal. Tamén comprenderá a información sobre as axudas e medidas de asistencia ás vítimas establecidas polos poderes públicos.

O servizo orientará as vítimas de delitos en relación cos servizos sociais e recursos públicos dispoñibles para a súa atención.

8. Cada servizo elaborará as estatísticas que establece o Consello Xeral do Poder Xudicial, así como a memoria anual de actividades que lle remitirá á Dirección Xeral de Xustiza.

9. Todos os servizos utilizarán os documentos informativos aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial, así como aqueles confeccionados pola Xunta de Galicia en materias de competencia autonómica.

10. Cada servizo integrarase na oficina do decano para procurar atender na mesma dependencia as demandas de información relativas á repartición concreta de asuntos entre os órganos xudiciais da sede e as referidas ás normas de repartición, así como as relativas ás horas e salas de realización das vistas, xuízos e actos xudiciais públicos (poxas, xuntas etc.) que poidan ser de interese.

11. Correspóndelles ás oficinas dos órganos xudiciais e servizos comúns realizar a información de carácter particular concerninte ao estado e á fase dos procedementos en tramitación, sen prexuízo de que desde os servizos comúns poidan concertarse entre o cidadán e a respectiva oficina unha cita previa para esta información ou para a realización de trámites na oficina xudicial.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2008.

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de Xustiza, Interior
e Administración Local

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 4 de setembro de 2008 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2007-2008, convocados pola Orde do 25 de abril de 2008.

A Orde do 25 de abril de 2008 (DOG do 7 de maio) pola que se convocan os premios extraordinarios de

bacharelato correspondentes ao curso 2007-2008, establece no seu artigo 7.2º que, de acordo coa proposta feita polo tribunal, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a dita proposta para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Unha vez realizadas as probas, publicada a acta provisional coas cualificacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e por proposta da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta conselleira

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de bacharelato, correspondentes ao curso 2007-2008, ao alumnado que figura no anexo a esta orde.

Segundo.-Contra esta resolución de adxudicación dos premios poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Relación premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2007-2008

DNI	Apelidos	Nome	Centros de estudos	Importe do premio
53183107T	Rodríguez Fernández	Sonia	IES Santa Irene (Vigo - Pontevedra)	732 €
33559683S	López Blanco	Jesús	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)	732 €
47381095Z	Cameselle Molares	Aída	IES Miraflores (Oleiros - A Coruña)	732 €
45847576C	Rivero de Aguilar Pensado	Alejandro	IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €
77419081T	Unruh Piñeiro	Alexander	IES Monte da Vila (O Grove - Pontevedra)	732 €
34269766L	Vázquez Quiroga	Sofía	IES Río Cabe (Monforte de Lemos - Lugo)	732 €
45846621P	Eirís del Río	Guillermo	CPR Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €
47401359S	Pérez Rodríguez	Violeta	CPR Obradoiro (A Coruña)	732 €
53486726L	Barral Lijó	Ramón	IES da Pobra do Caramiñal (A Pobra do Caramiñal - A Coruña)	732 €
54126535Z	Herranz Cabarcos	Alejandra	IES Elviña (A Coruña)	732 €
33554620N	Pernas Goy	Luis Manuel	IES Ánxel Fole (Lugo)	732 €